



## CONCURSOS DE DISFRACES DO ENTROIDO DE RIVEIRA 2019

LUNS 4 DE MARZO E O SÁBADO 9 DE MARZO

### BASES

Enmarcado dentro do Entroido 2019, o **Concello de Riveira** en colaboración coa Asociación de Empresarios e a hostalaría de Riveira organiza dous concursos de disfraces premiando con diversas gratificacións económicas nas súas categorías a mellor individual, parella e grupo. As condicións e requisitos para a participación nos concursos son as seguintes:

#### **1.- PARTICIPANTES DISFRAZADOS**

**1.1.-** Poderán participar aquelas persoas maiores de 18 anos. Non obstante o anterior, non poderán participar nin donos e empregados dos locais participantes, así como persoal da área de cultura do Concello de Riveira.

**1.2.-** Aqueles participantes que opten aos premios do luns 4 de marzo e do sábado 9 de marzo terán as seguintes especificacións:

- Non se poderá participar en máis dunha categoría nin obter máis dun premio por concurso.
- Un mesmo participante poderá acceder aos dous concursos pero non participar co mesmo disfrace (luns 4 e sábado 9 de marzo do 2019).

#### **2.- PARTICIPACIÓN DOS LOCAIS - INSCRICIÓN**

Os locais hostaleiros que queiran participar deberán inscribirse no enderezo electrónico [sanroqueturismo@gmail.com](mailto:sanroqueturismo@gmail.com) ou no telf. 686 58 70 00 a partir da publicación dos concursos no Boletín oficial da Provincia (B.O.P) e como data límite ata o luns 18 de febreiro de 2019.

Aos locais participantes entregaráselle diferentes tarxetas con rutas alternativas dos distintos locais hostaleiros que deberán entregar aos clientes que desexen concursar e deberanlla selar aos concursantes en cada establecemento.

Estas tarxetas serán de distintos cores correspondendo a rutas alternativas formadas por seis locais. Para poder participar os concursantes terán que cubrir ao menos unha das rutas polo que deberán ter selada ao completo unha das tarxetas que despois entregarán no prazo establecido.

#### **3.- CONCURSOS**

Os concursos teñen por finalidade premiar aquelas persoas que, conforme á mecánica dos presentes concursos, resulten elixidas como mellores disfraces do ENTROIDO 2019, no municipio riveirense.

### **3.1. Mecánica dos concursos**

Poderá formar parte dos concursos toda persoa ou grupo de persoas maiores de idade que acudan disfrazados aos locais hostaleiros, adscritos a estes certames, a noite do luns 4 de marzo en horario de 21.00h a 3.00h e a noite do sábado 9 de marzo de 21.00h e 3.00h.

Nestes establecementos haberá unhas tarxetas que deberán ser seladas nos locais correspondentes, onde tamén as poderán solicitar os concursantes; a tarxeta deberá estar completa para que a súa participación sexa válida.

Todos os participantes nos concursos deberán enviar a imaxe da tarxeta selada e a fotografía do disface sacada nun dos locais hostaleiros adscritos ao enderezo electrónico [sanroqueturismo@gmail.com](mailto:sanroqueturismo@gmail.com) cos seguintes datos persoais (nome, apelidos, teléfono de contacto e DNI) dunha das persoas (representante) que aparecen na mesma e indicar a que categoría ou modalidade do concurso se presenta (individual, parella ou grupo) sendo empregada para a deliberación do Xurado, cedendo o dereito da imaxe ao Concello de Riveira.

### **3.2.Requisitos de participación**

Maiores de idade que acudan disfrazados aos locais participantes nas datas e horarios sinalados e realicen unha imaxe nos mesmos, cubrindo unha tarxeta selada ao efecto segundo o especificado nestas bases. A Organización resérvase o dereito a excluír do concurso a aqueles participantes que non reúnan os requisitos de validación que considere necesarios.

### **3.3.Duración**

Os concursos desenvolverase nos locais de hostalería do municipio de Riveira adscritos a este certame no prazo sinalado, durante as noites do luns 4 de marzo e do sábado 9 de marzo de 2019 dando comezo cada un deles ás 21.00 horas e remate ás 3.00h.

### **3.4. Prazos para enviar as fotografías**

Os prazos para remitir os datos, a imaxe da tarxeta selada e a fotografía dos participantes é a seguinte:

- PARA O CONCURSO DO LUNS 4 DE MARZO: é dende o luns 4 de marzo a partir das 22.00h ata o sábado 9 de marzo ás 21:00h.
- PARA O CONCURSO DO SÁBADO 9 DE MARZO: é dende o sábado 9 de marzo a partir das 22.00h ata o domingo 17 de marzo ás 23:59h.

## **4.- PREMIOS**

Cada concurso (luns 4 de marzo e sábado 9 de marzo de 2019) outorga premios cun importe total de 2.500€ por concurso, resultando a cuantía de 5.000€ distribuídos en tres categorías.

### ***Categorías:***

Existen tres categorías con dous premios para cada unha delas: **mellor disface individual, mellor parella e mellor grupo**, este último composto por un mínimo de catro persoas.

Os premios serán outorgados aos mellores disfraces ou conxunto dos mesmos establecéndose as seguintes modalidades premiadas para cada un dos concursos (4 de marzo e 9 de marzo).

**- INDIVIDUAL**

**1º PREMIO: 150€**

**2º PREMIO: 100€**

**- PARELLA**

**1º PREMIO : 500€**

**2º PREMIO: 250€**

**- GRUPO (mínimo de catro persoas)**

**1º PREMIO: 1000€**

**2º PREMIO: 500€**

A todos os premios seralles de aplicación a redución do IRPF correspondente. O Concello de Riveira poñerase en contacto cos gañadores para facer efectiva a entrega das gratificacións das categorías premiadas.

**5.- XURADO**

O Xurado do concurso estará composto por membros do **Concello de Riveira**, da **Asociación de Empresarios** e a **hostalaría de Riveira** que emitirán o seu veredicto ao longo do mes de marzo do presente ano podendo facer a entrega ao longo do mes de abril.

**6.- TRATAMENTO DOS DATOS, IMAXE E DEREITOS DE AUTOR**

Os participantes dos concursos, ao facilitar os seus datos e as imaxes, ceden automaticamente os dereitos de divulgación e reprodución por Internet ou por calquera outro medio audiovisual, das fotografías que se tomen durante o desenvolvemento do mesmo. Esta cesión realízase no contexto dos presentes concursos e afecta tamén aos datos persoais segundo o disposto na lexislación vixente na materia.

Así mesmo, os participantes consenten automaticamente ao participar nos presentes concursos a utilización de devanditas imaxes nas que poidan aparecer, para os fins descritos no parágrafo anterior.

**7.- ACEPTACIÓN DAS BASES**

A aceptación destas Bases é condición indispensable para a participación nos concursos e, por conseguinte, para poder optar aos premios. O incumprimento por calquera participante das condicións establecidas nas Bases suporá a súa anulación automática do presente concurso.

En Riveira, á data da sinatura dixital.

O Alcalde-Presidente do Concello de Riveira.

Manuel Ruiz Rivas